

Anexo

O Botafumeiro

O Botafumeiro é o enorme incensario usado desde a Idade Media como instrumento de purificación dunha catedral na que se apiñaban as multitudes. Hoxe segue abraíando a todos cando, trala Comuñón, comeza o seu asombroso percorrido pendular fronte ao altar maior, elevándose ata case rozar a bóveda.

Para poñelo en movemento precísanse oito homes, chamados ‘tiraboleiros’, que o traen da Biblioteca. Baleiro pesa uns 60 quilos, cargado de carbón e incenso aproxímase aos 100. Tras atalo á maroma, bombéano tirando con forza e precisión para que alcance, en só minuto e medio e 17 ciclos de vaivén, unha velocidade de 68 quilómetros por hora. Así chega a formar un ángulo de 82 grados sobre a vertical, describindo un arco de 65 metros de amplitude ao longo do transepto.

Breve historia

O Botafumeiro aparece xa no *Códice Calixtino* mencionado como *Turibulum Magnum*. No s. XII era pendurado dunhas vigas de madeira cruzadas no cimborrio. O mecanismo actual, baseado no movemento por poleas, foi deseñado durante o Renacemento polo mestre Celma.

No s. XV o rei Lois XI de Francia costeou un incensario de prata que en 1809 foi subtraído polas tropas napoleónicas acampadas no claustro da Catedral. Na actualidade existen dous Botafumeiros: o que se usa é de 1851, está feito de latón bañado en prata e mide 160 centímetros de altura. O segundo é unha réplica en prata, obsequio dos Alféreces Provisionais á Catedral en 1971.

Datas fixas

O Botafumeiro segue un calendario de celebracións litúrxicas nas que entra en funcionamento:

6 de xaneiro: Epifanía. Domingo de Resurrección. Ascensión do Señor. Pentecostés (50 días despois de Pascua). 23 de maio: Aniversario da Batalla de Clavijo. 25 de xullo: Festividade de Santiago Apóstolo. 15 de agosto: Asunción. 1 de novembro: Todos os Santos. Festividade de Cristo Rei. 8 de decembro: Inmaculada Concepción. 25 de decembro: Nadal. 30 de decembro: Traslación do Santo Apóstolo.

Agora poderá verse todos os venres ás 19.30 h grazas ao acordo de colaboración asinado entre a Catedral de Santiago, Turismo de Santiago, Hostelería Compostela e a Cámara de Comercio da cidade.